


CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE PANTÓN PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE "ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE ÁS PARROQUIAS DE SAN VICENTE DE CASTILLÓN, SANTIAGO DE CASTILLÓN E SANTO ESTEVO DO MATO", FINANCIADO AO 100% A PARTE ELEXIBLE POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO EIXO REACT UE DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020, COMO PARTE DA RESPOSTA DA UE Á PANDEMIA DA COVID-19

Pantón, 6 de xuño de 2022

REUNIDOS



Dunha parte, Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, nomeada polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.


Doutra parte, José Luis Álvarez Blanco, alcalde do Concello de Pantón, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

EXPOÑEN

Primeiro. O Concello de Pantón ten atribuídas competencias en materia de abastecemento de auga potable, de acordo co establecido nos artigos 25.2 c), 26.1 a) e 86.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, nos termos establecidos pola lexislación da comunidade autónoma, en concreto nos artigos 81 a) e 80.2 l) da Lei

5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, e nos artigos da lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, que regulan o reparto competencial en materia de abastecemento.

Con referencia a esta última lei, os artigos 5.1 a) e 27.1 establecen como competencia das entidades locais o servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e o seu control sanitario. Ademais, o artigo 27.2 establece a competencia das entidades locais en materia de elaboración e aprobación de proxectos de obras e execución de infraestruturas cando se trate de obras da súa competencia así como a explotación dos servizos da súa competencia.



Segundo. A entidade pública Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Entre estas competencias se atopan, con carácter xeral, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a adopción de medidas que garantan o abastecemento aos municipios (artigo 31.1) e a supervisión das redes básicas de abastecemento en alta (artigo 31). En calquera caso, as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia exerceranse sempre de conformidade co principio de garantía e eficacia do servizo público de abastecemento (artigo 3.1 f)).

Terceiro. A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do abastecemento terá por finalidade a garantía de subministración de auga en calidade e cantidade axeitada aos núcleos de poboación legalmente constituídos, nos termos establecidos na planificación.

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de abastecemento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

Cuarto. O artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o 194 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Quinto. Actualmente as parroquias de San Vicente de Castillón, Santiago de Castillón e Santo Estevo do Mato (Pantón) non dispoñen de rede de abastecemento de auga potable. As vivendas abastécense mediante captacións subterráneas particulares polo que non existe garantía sanitaria sobre as augas consumidas pola poboación.


Con esta actuación preténdese dotar de rede de abastecemento ás parroquias mencionadas.

Sobre a base do ata aquí exposto, as partes acordan outorgar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS



PRIMEIRA. OBXECTO



É obxecto deste convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Pantón que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes no "Abastecemento de auga potable ás parroquias de San Vicente de Castellón, Santiago de Castellón e Santo Estevo do Mato (Pantón)", a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento, nos termos establecidos nas cláusula seguintes.

SEGUNDA. OBRIGAS DE AUGAS DE GALICIA

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, Augas de Galicia obrígase a:

1. Levar a cabo as actuacións consistentes na contratación da execución, dirección das obras e labores de coordinación de seguridade e saúde na fase de construción, a xestión das mesmas ata completar a súa finalización e formalizar os actos de recepción de conformidade co estipulado na lexislación vixente en materia de contratos, e cos efectos sinalados na cláusula sexta.

As actuacións expresadas abarcan, se fose o caso, as execucións de modificacións xustificadas das obras, ata que as construcións merezan a plena conformidade de Augas de Galicia, por producirse o acto formal de recepción e atoparse en condicións de ser entregadas ao concello para a súa incorporación ao servizo e uso público.

2. Financiar as actuacións nos termos estipulados na cláusula quinta.
3. Controlar a calidade e a seguridade e saúde das obras de referencia durante a súa execución.
4. Durante o prazo de garantía das obras de referencia, realizar os trámites necesarios para que o contratista repare aqueles defectos imputables á súa execución e que se manifesten con posterioridade ao acto de recepción, de conformidade con disposto na lexislación vixente en materia de contratos. Esta garantía non cubrirá os danos por un uso inadecuado das instalacións, nin os debidos a actos vandálicos, nin as deterioracións debidas ao paso do tempo, nin defectos ou danos por incumprimentos da normativa sanitaria ou en materia de vertidos.
5. No ámbito das súas facultades, colaborar co Concello no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.

TERCEIRA. OBRIGAS XERAIS DO CONCELLO

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, o Concello obrígase a:

1. Someter o proxecto das obras de referencia a información pública, mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo non inferior a 20 días hábiles, e emitir unha certificación acreditativa de telo sometido a este trámite, á que se

xuntará, no seu caso, un informe onde se dea contestación ás alegacións presentadas. No caso de que, debido ao alcance do proxecto ou ás afeccións que produza, o concello entenda que non procede este trámite de información pública emitirá certificación neste sentido.

2. Prestar, con carácter previo á licitación das obras de referencia por parte de Augas de Galicia, conformidade co proxecto redactado. Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio, sen mais trámites que a comunicación ao concello.
3. Financiar as actuacións nos termos estipulados na cláusula quinta.
4. A efectiva posta a disposición de Augas de Galicia antes do inicio das obras, os terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado, para a execución das obras a que se refiren as actuacións descritas na cláusula primeira, así como a reposición de servizos e servidumes. Se os terreos non foran propiedade da entidade local, esta deberá tramitar o correspondente procedemento de expropiación forzosa. Neste suposto, con carácter previo ao inicio das obras e en relación con todos os bens afectados, o concello deberá acreditar o pago ou, no seu defecto, a consignación na Caixa Xeral de Depósitos do depósito previo á ocupación e da indemnización polos prexuízos derivados da rápida ocupación.
5. Asumir a realización das xestións pertinentes, ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación ningunha de tributo municipal, a que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o titular destas; asumindo tamén o pagamento de calquera taxa, canon ou imposto, de carácter non local, derivado da construción ou explotación das obras de referencia.

No caso de que o proxecto das obras de referencia requira o seu sometemento a trámites de avaliación ambiental, asumir a condición de órgano promotor e substantivo ante o órgano ambiental competente, realizándose de xeito simultáneo ao trámite de información pública.

6. Recibir as obras e, como titular das mesmas, asumir a súa posta en servizo, explotación e conservación durante un prazo mínimo de cinco anos desde o pagamento final ao beneficiario, de acordo co artigo 71.1 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro, polo que se establecen disposicións comúns relativas aos diferentes fondos europeos, entre eles o FEDER.

7. A utilización das instalacións executadas de acordo coa finalidade prevista.

8. 1. No ámbito das súas facultades, colaborar con Augas de Galicia no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.



CUARTA. OBRIGAS EN RELACIÓN A MODIFICACIÓN DAS OBRAS

No caso de que durante a execución das obras de referencia fora necesario modificalas, as citadas modificacións serán aprobadas por Augas de Galicia, previa conformidade do Concello. No caso de que supoña un aumento no importe previsto no convenio deberá tramitarse unha addenda, de conformidade co disposto na cláusula undécima.

Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio, sen mais trámites que a comunicación ao concello.

Con respecto a estas hipotéticas modificacións, Augas de Galicia e o Concello acordan que sexa de aplicación o mesmo réxime establecido nas cláusulas segunda e terceira deste convenio.

QUINTA. RÉXIME DE FINANCIAMENTO E OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO

1. O custo total das actuacións de referencia contempladas neste convenio ascenden a seiscentos cincuenta mil euros (650.000,00 €) distribuídos do seguinte xeito entre as partes asinantes:

	AUGAS DE GALICIA	CONCELLO DE PANTÓN	IMPORTE
2022	260.000,00 €	65.000,00 €	325.000,00 €
2023	260.000,00 €	65.000,00 €	325.000,00 €
	520.000,00 €	130.000,00 €	650.000,00 €

2. Os gastos que se xeren en execución deste convenio terán dous tramos diferentes de financiamento:

- gasto non elixible, que suporá aproximadamente un 20% do investimento total. O concello de Pantón financiará exclusivamente este tramo cunha achega de 130.000,00 €. De producirse un maior gasto non elixible, este será financiado por Augas de Galicia.
- gasto elixible, que suporá aproximadamente un 80% do investimento e que é financiado ao 100% pola Unión Europea no marco do Eixo REACT UE do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da Covid-19, dentro do Eixe Prioritario 20, Obxectivo Temático 13 "Favorecer a reparación da crise no contexto da pandemia de COVID-19 e as súas consecuencias sociais, e preparar unha recuperación verde, dixital e resiliente da economía", Prioridade de Inversión 13.i "Favorecer a reparación da crise no contexto da pandemia de COVID-19 e as súas consecuencias sociais, e preparar unha recuperación verde, dixital e resiliente da economía", Obxectivo Específico 20.1.4 - OE REACT UE 4 "Apoio ás inversións que contribúan á transición cara a unha

economía verde. Actuación 20.1.4.5 "Mellora da eficiencia dos sistemas de saneamento, depuración e abastecemento de auga".

A Axuda á Recuperación para a Cohesión e os territorios de Europa (REACT-UE) é unha iniciativa que prosigue e amplía as medidas de resposta á crise e de reparación da crise propostas na Iniciativa de Investimento en Resposta ao Coronavirus (IIRC) e na Iniciativa de Investimento en Resposta ao Coronavirus Plus (IIRC+). Esta iniciativa contribuirá a preparar unha recuperación ecolóxica, dixital e resiliente da economía. O REACT-UE inclúe fondos adicionais que se porán a disposición do FEDER, entre outros fondos europeos, operando así como fondos estruturais, e procederán do Fondo de Recuperación Next Generation EU, instrumento excepcional de recuperación temporal.

Respectarase, polo tanto, as normas de subvencionabilidade do gasto do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020, así como as normas de información e publicidade establecidas nas Guías de Publicidade e nas demais normas comunitarias que sexan de aplicación.

No caso de que a Comisión Europea adopte decisións que impliquen correccións financeiras e/ou descertificacións de fondos europeos, consecuencia de causas imputables á entidade local, o Concello obrígase a asumir os ditos importes económicos.

3. Para o financiamento deste convenio, o concello de Pantón achegou a Augas de Galicia a documentación contable que acredita a disposición de crédito adecuado e suficiente conforme ás anualidades establecidas na cláusula QUINTA.1. Así mesmo, unha vez asinado o convenio e como requisito previo á licitación do contrato de obra, o concello de Pantón achegará a Augas de Galicia a documentación contable en fase de disposición de gasto (fase D) que recolla a súa achega económica de 130.000,00 €.

4. Para financiar a súa achega referida na cláusula QUINTA.1, Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta 230 "Investimentos xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia.

Unha vez adxudicados todos os contratos necesarios para cumprir co obxecto deste convenio, Augas de Galicia poderá liberar o saldo non comprometido para a execución dos ditos contratos.

5. Cada parte asumirá, na porcentaxe prevista (Augas de Galicia un 80% e o Concello de Pantón un 20%), as variacións económicas, á alza ou á baixa, pola adxudicación do contrato de obra e dos contratos asociados á execución da obra (asistencia técnica á dirección de obra, seguridade e saúde, e todos aqueles que a dirección de obra nomeada considere necesarios para a súa correcta execución), por modificacións, revisións de prezos, liquidacións dos contratos ou posibles indemnizacións aos contratistas derivadas do cumprimento da vixente normativa sobre contratos do sector público.

6. O Concello aboará a súa achega na conta que Augas de Galicia indique ao efecto, do seguinte xeito:

- A cantidade correspondente a anualidade 2022, estipulada na cláusula 5.1, a aboará no prazo máximo dun mes dende a recepción da comunicación realizada por Augas de Galicia da adxudicación das obras obxecto do convenio.
- A cantidade correspondente a anualidade 2023, estipulada na cláusula 5.1, a aboará no primeiro trimestre do exercicio, sen necesidade de requirimento previo de Augas de Galicia.

Augas de Galicia remitirá ao Concello a xustificación do investimento efectuado que incluírá as certificacións, os xustificantes de pagamento e o certificado do gasto non elixible executado.

No caso de impago, remitirase o importe íntegro da débeda, de conformidade co establecido nos artigos 60 e seguintes da Lei 17/2021, do 27 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, ao órgano competente para o inicio do procedemento de compensación desta débeda coa participación que ao Concello lle corresponda no Fondo de Cooperación Local e posterior retención nas entregas a conta.



SEXTA. TITULARIDADE DAS OBRAS

O concello adquirirá a titularidade das obras de referencia e asumirá a súa posta en servizo, mantemento, explotación e conservación xa que a execución das obras de referencia trae causa, en definitiva, do exercicio dunha competencia de carácter local e da súa vinculación á prestación dun servizo tamén de competencia local, sendo a actividade desenvolvida por Augas de Galicia, de acordo co establecido neste convenio, de colaboración financeira.

SÉTIMA. RELACIÓN LABORAL

A subscrición deste convenio non implica relación laboral, contractual nin de calquera outro tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

OITAVA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representantes de Augas de Galicia e outros dous representantes do Concello de Pantón para desenvolver as seguintes actuacións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, propondo as actuacións que se consideren precisas.

Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.

- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Actuará como presidente un dos representantes de Augas de Galicia, con voto de calidade.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.

Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións desta acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a comisión de seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.

NOVENA. NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.

Todo litixio, controversia ou reclamación resultantes deste convenio ou relativo a este, á súa interpretación ou execución, ao seu incumprimento, resolución ou nulidade, resolverase polos órganos da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31.12.2023. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio.

UNDÉCIMA. MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Catquera modificación no contido deste convenio, requirirá acordo entre Augas de Galicia e o Concello e tramitarase a través dunha addenda ao convenio. Non obstante, non se considerará modificación deste instrumento convencional a distribución interna entre as anualidades establecidas do crédito en principio determinado para cada unha delas, sempre que non se incremente o seu importe global, previa formalización de acordo entre as partes que recolla a conformidade no novo reparto de anualidades.

DUODÉCIMA. EXTINCIÓN DO CONVENIO

Será causa de extinción automática do convenio:

- o cumprimento do seu obxecto
- o transcurso do seu prazo de vixencia

Ese convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- o mutuo acordo entre as partes asinantes
- a inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes
- a inviabilidade financeira da actuación como consecuencia de atrasos na licitación e/ou adxudicación das obras.
- que a Unión Europea non financie as obras a través dos seus Fondos Estruturais ou de Investimento.

A resolución con causa nalgún dos supostos anteriores non levará asociada indemnización a ningunha das partes.

Ademais, será causa de extinción por resolución o incumprimento do contido do Convenio ou das obrigas establecidas para cada unha das partes, sen prexuízo da esixibilidade dos danos e responsabilidades imputables ao causante, que, no seu caso, incluíra a indemnización que lle corresponda ao contratista como consecuencia da resolución do contrato ou demora no inicio ou execución das obras. Neste suposto, antes da resolución do convenio, a outra parte deberá notificar á parte incumpridora un requirimento cun prazo máximo para que leve a cabo os compromisos que se consideran incumpridos. Unha vez transcorrido ese prazo, se persiste o incumprimento, a parte que dirixiu o requirimento notificará á outra parte a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

No suposto de que o Convenio se extinga por causas imputables ao Concello, as instalacións executadas ata ese momento se porán a disposición do Concello, considerándose a tódolos efectos entregadas ao titular das mesmas, con efectos liberatorios para Augas de Galicia.

Non obstante todo o anterior, se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que se consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización. Neste caso, durante o transcurso deste prazo, as cuestións relativas á titularidade das obras e a cesión da posesión rexeranse polo disposto na cláusula sexta deste convenio.



DÉCIMO TERCEIRA. RESPONSABILIDADE POR INCUMPRIMENTO DO DEREITO DA UNIÓN EUROPEA

De acordo co previsto no artigo 5.4 do Real decreto 515/2013, polo que se regulan os criterios e o procedemento para determinar e repercutir as responsabilidades por incumprimento do Dereito da Unión Europea, o réxime de obrigas e responsabilidades por incumprimentos que contén este convenio, considerase instrumento axeitado para a determinación das correspondentes responsabilidades.

DÉCIMO CUARTA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DÉCIMO QUINTA. PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio e do resto de especificacións contidas nel, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Este convenio está financiado ao 100% no marco do Eixo REACT UE do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020 e, polo tanto, os beneficiarios deberán cumprir coas esixencias de información e publicidade reguladas no apartado 2.2 do Anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e derrógase o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello e nos artigos 3 a 5 do Regulamento (UE) nº 821/2014 da Comisión do 28 de xullo de 2014 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ás modalidades concretas de transferencia e xestión das contribucións do programa, a presentación de información sobre os instrumentos financeiros, as características técnicas das medidas de información e comunicación das operacións, e o sistema para o rexistro e o almacenamento de datos. En particular,

1. Recoñecer o apoio do Feder á operación en todas as medidas de información e comunicación e medidas para aumentar a visibilidade que leven a cabo mostrando o emblema xunto coa referencia á Unión Europea, segundo o recollido nos artigos 3 e 4

do Regulamento nº 821/2014. Así mesmo, farase referencia ao Feder e a que a operación está 'financiada como parte da resposta da Unión á pandemia da COVID 19'.

Tamén se incluírá o lema 'Unha maneira de facer Europa' sempre que sexa posible.

2. Informar ao público do apoio obtido facendo unha breve descrición no seu sitio de internet, no caso de que dispoñan de un, da operación, de xeito proporcionado ao nivel do apoio prestado, cos seus obxectivos e resultados, e destacando o apoio financeiro da Unión Europea.
3. Durante a execución da operación, colocar un cartel temporal de tamaño significativo. No prazo de tres meses a partir da conclusión da operación, colocar un cartel ou placa permanente de tamaño significativo. O cartel temporal e a placa permanente deberán colocarse nun lugar ben visible para o público e indicarán o nome e o obxectivo principal da operación e prepararanse de acordo coas características técnicas recollidas no artigo 5 do Regulamento nº 821/2014.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes asinan este documento por duplicado exemplar, no lugar e data do encabezamento

A presidenta de Augas de Galicia



Ethel María Vázquez Mourelle

O alcalde de Pantón



José Luis Álvarez Blanco